



EXPEDIENTE NÚMERO: 2021/TRIBUNAL/000021

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO (UNHA DELAS RESERVADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE XERAL) DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE

RESULTADO DO QUINTO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o 2 de xullo de 2021, para proceder á cualificación do quinto exercicio, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base sexta, apartado e), o Tribunal outorga a seguinte puntuación:

| NOME E APELIDOS | NOTAS |
|--------------------|-------|
| NOELIA NEILA ROUCO | 3,75 |

As persoas aspirantes convocadas para a realización do 5ª exercicio e que non figuran na listaxe anterior, ou ben non se presentaron ou ben non acadaron a puntuación mínima esixida para superar o exercicio, obtendo a cualificación de NON APTO/A, de conformidade co disposto na base 11ª das bases xerais do proceso.

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- A puntuación final e relación de aprobados no proceso selectivo convocado para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade xeral) da escala da administración xeral, grupo c, subgrupo c1, incluídas na ampliación a oferta de emprego público do ano 2020, pola quenda libre, aplicando a base 14ª das bases xerais, é a seguinte:

| NOME E APELIDOS | PRIMEIRO | SEGUNDO | TERCEIRO | CUARTO | QUINTO | TOTAL |
|--------------------|----------|---------|----------|--------|--------|---------------|
| NOELIA NEILA ROUCO | 6,333 | 9,100 | 2,985 | 6,300 | 3,750 | 28,468 |

PROPOSTA DE NOMEAMENTO.- En consecuencia o Tribunal cualificador eleva á Sra. Concelleira a seguinte proposta de nomeamento da única aspirante que superou o proceso selectivo, propoñendo o nomeamento de **doña Noelia Neila Rouco** para ocupar unha praza de administrativo da escala da administración xeral, pola quenda libre, da ampliación da OEP 2020.

PROPOSTA DE DECLARACIÓN DE DESERTAS.- A consecuencia do resultado do proceso selectivo propónse que se declare desertas a cobertura da praza de administrativo pola quenda libre e da praza de administrativo reservada para persoas con discapacidade xeral, das prazas convocadas para a provisión de tres prazas de administrativo (unha delas reservada para persoas con discapacidade xeral) da escala da administración xeral, grupo c, subgrupo c1, incluídas na ampliación a oferta de emprego público do ano 2020, pola quenda libre.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.- O Tribunal cualificador dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra a relación da aspirante que superou o quinto exercicio coa cualificación definitiva do proceso e a proposta de nomeamento, requirindo á opositora proposta para que, **no prazo de 20 días naturais**, presenten a documentación esixida nas bases da convocatoria, segundo o disposto na 16ª das bases xerais.

RECURSOS.- Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións, a declaración de non aptos nos exercicios ou as propostas de nomeamentos, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.



Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

A Secretaria do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica

